



CUESTIONARIO DE PREGUNTAS TIPO TEST

1. Segun a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o dereito de acceso á información pública:

- a) Unicamente corresponde aos interesados no procedemento administrativo correspondente ao expediente.
- b) Poderá ser limitado cando o acceso supoña un prexuízo, entre outros, para a igualdade das partes nos procedementos xudiciais e a tutela xudicial efectiva.
- c) Poderá ser limitado sempre que exista oposición de calquera interesado no procedemento administrativo correspondente.
- d) Non poderá ser limitado en ningún caso.

2. Segun o artigo 22 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno:

- a) O acceso á información será gratuito, sen que caiba, en ningún caso, a esixencia de exaccións.
- b) Se existe oposición de terceiro, o acceso só terá lugar cando, concedéndose, transcorrese o prazo de quince días desde a notificación do acceso ao terceiro que houberse formulada oposición.
- c) En ningún caso cabe formular oposición por terceiro.
- d) Se a información solicitada xa foi publicada, a resolución poderá limitarse a indicar ao solicitante como pode acceder a ela.

3. Segun o artigo 19 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno:

- a) Se a solicitude refírese a información que non obre en poder do suxeito ao que se dirixe, este remitiraa ao competente, se o coñecese, e informará desta circunstancia ao solicitante.
- b) Se a solicitude refírese a información que non obre en poder do suxeito ao que se dirixe, este remitiraa ao competente, en todo caso, e informará desta circunstancia ao solicitante.
- c) Cando a solicitude non identifique de forma suficiente a información, pedirase ao solicitante que a concrete nun prazo de quince días, con indicación de que, en caso de non facelo, teráselle por desistido, así como da suspensión do prazo para ditar resolución.
- d) Cando a información obxecto da solicitude, aínda obrando en poder do suxeito ao que se dirixe, fose elaborada ou xerada na súa integridade ou parte principal por outro, será denegada mediante resolución motivada.



4. Cal das seguintes afirmacións é incorrecta:

- a) O delegado de protección de datos actuará como interlocutor do responsable ou encargado do tratamento ante a Axencia Española de Protección de Datos e as autoridades autonómicas de protección de datos.
- b) O delegado poderá inspeccionar os procedementos relacionados e emitir recomendacións no ámbito das súas competencias.
- c) Cando o delegado de protección de datos sexa unha persoa física integrada na organización do responsable ou encargado do tratamento, non poderá ser removido nin sancionado polo responsable ou o encargado por desempeñar as súas funcións salvo que incurriera en dolo ou negligencia grave no seu exercicio.
- d) Sempre e en todo caso terá acceso os datos persoais e procesos e tratamento

5. Cando nunha solicitude, escrito ou comunicación figuren varios interesados, as actuacións a que dea lugar efectuaranse

- a) co que firmara a solicitude.
- b) co que presentara a solicitude.
- c) co representante ou o interesado que expresamente sinalasen.
- d) ningunha das respostas anteriores é correcta

6. Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de

- a) 5 días dende que o acto fora ditado.
- b) 10 días dende que o acto fora ditado.
- c) 15 días dende que o acto fora ditado.
- d) 20 días dende que o acto fora ditado.

7. Se algún dos suxeitos obrigados a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase ao interesado para que emende a solicitude a través da súa presentación electrónica. A estes efectos considerarase como data de presentación da solicitude

- a) aquela en que se realizou presencialmente.
- b) aquela en que fora realizado o requirimento de subsanación.
- c) o día seguinte ao de transcurso de prazo de 10 días para subsanar.
- d) aquela en que fora realizada a subsanación.

8. As cuestións incidentais que se susciten no procedemento

- a) salvo as que se refieran á nulidade de actuacións, non suspenderán a tramitación do mesmo.
- b) incluso as que se refiran á nulidade de actuacións, non suspenderán a tramitación do mesmo, salvo a recusación.
- c) suspenderán a tramitación do mesmo cando se refiran á nulidade de actuacións ou á recusación.
- d) non suspenderán a tramitación do mesmo en ningún caso.



9. Os interesados poderán aducir alegacións e aportar documentos ou outros elementos de xuízo

- a) en calquera momento anterior ao trámite de audiencia.
- b) en calquera momento anterior á proposta de resolución.
- c) no prazo de 10 días expresamente outorgado para elo.
- d) ningunha das opcións anteriores é correcta.

10. O artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece, en canto á emisión de informes, que si o informe debера ser emitido por unha Administración Pública distinta da que tramita o procedemento en orde a expresar o punto de vista correspondente ás súas competencias respectivas, e transcorrese o prazo sen que aquél se emitira

- a) suspenderanse os termos e prazos do procedemento ata que o informe sexa emitido sen perxuízo das responsabilidades a que haxa lugar.
- b) requirirase de novo á Administración Pública que deba emitir o informe para que o evacúe no prazo de 10 días, transcorridos os cales se poderán proseguir as actuacións.
- c) poderanse proseguir as actuacións.
- d) ningunha das opcións anteriores é correcta.

11. No caso dos procedementos de responsabilidade patrimonial será preceptivo solicitar informe ao servizo cuxo funcionamento ocasionara a presunta lesión indemnizable, non podendo exceder o prazo da súa emisión

- a) de 5 días.
- b) de 10 días.
- c) de 15 días.
- d) de 1 mes.

12. Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable ao mesmo, a Administración advertiralle que, transcorridos

- a) 2 meses, se producirá a caducidade do mesmo.
- b) 3 meses, se producirá a caducidade do mesmo.
- c) 6 meses, se producirá a caducidade do mesmo.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.



13. Interposto un recurso administrativo no que se solicita a suspensión da execución de acto recorrido

- a) entenderase suspendida a execución do acto unicamente dende que se dite o acordo de suspensión.
- b) en ningún caso se entenderá suspendida a execución do acto recorrido.
- c) entenderase suspendida a execución do acto si transcorridos 10 días dende a solicitude o órgano a quen competa resolver non o fai.
- d) entenderase suspendida a execución do acto si transcorrido 1 mes dende a solicitude o órgano a quen competa resolver non o fai.

14. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será

- a) 1 mes.
- b) 2 meses.
- c) 3 meses.
- d) 6 meses.

15. Segundo o artigo 106.5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, cando o procedemento de revisión se iniciará de oficio

- a) o transcurso do prazo de 1 mes dende o seu inicio sen dictarse resolución producirá a caducidade do mesmo.
- b) o transcurso do prazo de 2 meses dende o seu inicio sen dictarse resolución producirá a caducidade do mesmo.
- c) o transcurso do prazo de 3 meses dende o seu inicio sen dictarse resolución producirá a caducidade do mesmo.
- d) o transcurso do prazo de 6 meses dende o seu inicio sen dictarse resolución producirá a caducidade do mesmo.

16. O artigo 72 da lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa, establece que as sentenzas firmes que anulen unha disposición xeral terán efectos xerais

- a) dende o día en que sexa publicado o seu fallo e preceptos anulados no mesmo periódico oficial no que o fora a disposición anulada.
- b) dende o día seguinte ao que sexa publicada a disposición xeral que substitúa á anulada.
- c) dende o día en que sexa publicada a disposición xeral que substitúa á anulada.
- d) dende o día que sinale a senteza.



17. Segun o artigo 64 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

- a) O acordo de iniciación nos procedementos de natureza sancionadora notificarase aos interesados, entendendo en todo caso por tal ao inculpado e ao denunciante.
- b) O acordo de iniciación nos procedementos de natureza sancionadora notificarase aos interesados, entendendo en todo caso por tal ao instrutor, ao inculpado e ao denunciante.
- c) A incoación comunicarase ao denunciante cando as normas reguladoras do procedemento así o prevexan.
- d) Recoñécese con carácter xeral o dereito do denunciante para coñecer a incoación do procedemento sancionador cando o solicite.

18. Segundo o artigo 28 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público,

- a) Só se será responsable das infraccións administrativas a título de dolo ou culpa.
- b) Serase responsable das infraccións administrativas aínda a título de simple inobservancia.
- c) Cando o cumprimento dunha obrigación establecida por unha norma con rango de Lei corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma mancomunada das infraccións que, no seu caso, cométanse e das sancións que se impoñan.
- d) Prohibe a tipificación como infracción do incumprimento da obrigación de prever a comisión de infraccións administrativas por quen se ache suxeitos a unha relación de dependencia ou vinculación.

19. Nos supostos de concorrencia de varias administracións na produción do dano distinta da derivada da xestión dimanante de fórmulas conxuntas de actuación, a responsabilidade se fixará para cada Administración:

- a) Atendendo os criterios de competencia, interese público tutelado e intensidade da intervención.
- b) Atendendo aos criterios establecidos nos Estatutos ou regras da organización colexiada.
- c) A responsabilidade das Administracións será sempre solidaria.
- d) A responsabilidade das Administracións será sempre subsidiaria respecto a Administración con maior participación na financiación do servizo.



20. Según o art. 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, terán carácter administrativo:

- a) Os contratos cuxo obxecto sexa a subscrición a revistas, publicacións periódicas e bases de datos.
- b) Os contratos celebrados por entidades do sector público que sendo poder adjudicador aínda que non reúnan a condición de Administracións Públicas.
- c) Os contratos de obra, concesión de obra, xestión de servizo público, subministración e servizos.
- d) Os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos.

21. A Disposición adicional terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014:

- a) Habilita á tramitación anticipada dos contratos cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada.
- b) Prohibe a tramitación anticipada dos contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte.
- c) Prohibe a tramitación anticipada dos contratos cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada.
- d) Prohibe o sometemento da adxudicación a condición suspensiva.

22. A Administración poderá ceder de forma gratuita

- a) A propiedade do ben ou dereito ou só o seu uso en calquera caso e a favor de calquera cesionario.
- b) A propiedade do ben ou dereito ou só o seu uso sempre que o cesionario destine os bens ao fin expresado no correspondente acordo e só a favor das Comunidades Autónomas, entidades locais ou fundacións públicas.
- c) A propiedade do ben ou dereito ou só o seu uso sempre que o cesionario destine os bens ao fin expresado no correspondente acordo e a favor de calqueira cesionario.
- d) A propiedade do ben ou dereito ou só o seu uso en calquera caso e só a favor das Comunidades Autónomas, entidades locais ou fundacións públicas.



23. Segun o art. 47 do do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

- a) Corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, unicamente nos casos de ausencia ou enfermidade.
- b) Nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda sen expresa delegación.
- c) Cando o Alcalde se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas, sen conferir a delegación, ou cando por causa imprevista resulteille imposible outorgala, substituíralle, na totalidade das súas funcións, o Tenente de Alcalde a quen corresponda, dando conta ao resto da Corporación.
- d) A asunción das funcións do Alcalde polos Tenentes de Alcalde esixen, en todo caso, delegación expresa.

24. Segun o artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

- a) O Pleno celebra sesión extraordinaria cando así o decida o Presidente ou o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación, sen que ningún concelleiro poida solicitar máis de tres anualmente.
- b) O Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada mes nos Concellos de municipios de máis de 10.000 habitantes.
- c) As sesións plenarias han de convocarse, polo menos, con dous días hábiles de antelación, salvo as extraordinarias, cuxa convocatoria con este carácter deberá ser ratificada polo Pleno.
- d) O Pleno constitúese validamente coa asistencia da metade do número legal de membros do mesmo, que nunca poderá ser inferior a cinco.

25. Segun o art. 36 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, en relación á esixencia da responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas

- a) A Administración correspondente esixirá, en todo caso, de oficio en vía administrativa das súas autoridades e demais persoal ao seu servizo a responsabilidade en que incorresen, nos supostos de anulación dun acto en vía administrativa ou pola orde xurisdiccional contenciosa administrativo, cando indemnizase aos particulares.
- b) A Administración correspondente, cando houber indemnizado aos lesionados, esixirá de oficio en vía administrativa das súas autoridades e demais persoal ao seu servizo a responsabilidade en que incorresen por dolo, ou culpa ou negligencia graves, previa instrución do correspondente procedemento.
- c) Para facer efectiva a responsabilidade patrimonial a que se refire esta Lei, os particulares esixirán directamente ás autoridades e persoal ao seu servizo as indemnizacións polos danos e prexuízos causados.



d) Para facer efectiva a responsabilidade patrimonial a que se refire esta Lei, os particulares esixirán directamente á administración as indemnizacións polos danos e prexuízos causados, sen que sexa posible instruír procedemento de recoñecemento de responsabilidade patrimonial ás autoridades ao seu servizo.

26. ¿Cal das seguintes afirmacións é correcta?

- a) É competencia municipal e non autonómica, establecer a través de ordenanzas os actos suxeitos a licenza e os suxeitos a comunicación previa.
- b) Tanto a Lei do solo como o seu regulamento, establecen os actos suxeitos a licenza e os suxeitos a comunicación previa.
- c) A Lei de emprendemento e da competitividade económica de Galicia é a que establece os actos suxeitos a licenza e os suxeitos a comunicación previa.
- d) Todas as respostas anteriores son falsas.

27. Segun o artigo 31 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, dentro do solo rústico distingúirase

- a) o solo rústico tradicional e o solo rústico común.
- b) o solo rústico de protección ordinaria e o solo rústico de especial protección.
- c) o solo rústico consolidado e o solo rústico non consolidado.
- d) o solo rústico de protección individual e o solo rústico de protección xeral.

28. Segun o artigo 377 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no caso de obras terminadas sen título habilitante, incoarase expediente de reposición da legalidade, dentro do prazo de

- a) nove meses, a contar desde a total terminación das obras.
- b) seis meses, desde a total terminación das obras.
- c) seis anos, desde a total terminación das obras.
- d) tres meses, desde a total terminación das obras.

29. Atendendo á Lei do solo de Galicia, ¿cal é o prazo para resolver o procedemento sancionador por infraccións urbanísticas?

- a) Un ano.
- b) Seis anos.
- c) 1 mes.
- d) Dous meses.



30. Cando se trate de actos suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa respecto as obras:

- a) O promotor comunicará ao concello a intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima 2 meses á data prevista de comezo da execución.
- b) O promotor comunicará ao concello a intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data prevista de comezo da execución.
- c) O promotor comunicará ao concello a intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de 1 mes á fecha prevista de comezo da execución.
- d) O promotor comunicará ao concello a intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de dous días hábiles á data prevista de comezo da execución.

31. Segun a Lei do solo de Galicia, as infraccións urbanísticas graves serán sancionadas:

- a) Con multa de 600.001 a 1.000.000 euros e como mínimo o 2% do valor da actuación realizada.
- b) Con multa de 6.001 a 60.000 euros e como mínimo o 20% do valor da actuación realizada.
- c) Con multa de 300 a 1.000 euros e como mínimo o 30% do valor da actuación realizada.
- d) Con multa de 3.000 a 6.000 euros e como mínimo o 75% do valor da actuación realizada.

32. Segundo o Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, o solo atópase nas situacións de

- a) Rústico e rural.
- b) Rústico e consolidado.
- c) Urbanizado e rural.
- d) Consolidado e non consolidado.

33. Segundo o Regulamento da Lei do Solo de Galicia o expediente de ruina dende que se inicie o procedemento ata que se notifique a declaración pertinente non poderá exceder de:

- a) Dous anos.
- b) Dous meses.
- c) Tres anos.
- d) Seis meses.



34. As licenzas de obra segundo a Lei do Solo de Galicia resolveranse no prazo de

- a) Un ano.
- b) Tres anos.
- c) Un mes.
- d) Tres meses.

35. Os prazos de caducidade das licenzas, segun a Lei do Solo de Galicia, son os seguintes:

- a) O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de remate de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non puidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- b) O prazo de iniciación non poderá exceder de un ano e o de remate de cinco anos, desde a data do seu outorgamento, non puidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- c) O prazo de iniciación non poderá exceder de dous anos e o de remate de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non puidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- d) O prazo de iniciación non poderá exceder de tres anos e o de remate de cinco anos, desde a data do seu outorgamento, non puidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

36. O solo de núcleo rural clasifícase en

- a) Tradicional e común.
- b) Tradicional e complexo.
- c) Tradicional e rústico.
- d) Común e complexo.

37. As vivendas consideradas tradicionais no Regulamento da Lei do Solo de Galicia son

- a) Aquelas existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, de 2 de maio, de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana.
- b) aquelas existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2002 (LOUGA).
- c) aquelas existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 8/1990, de 25 de xullo, sobre Reforma do Réxime Urbanístico e Valoracións do Solo.
- d) Aquelas existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 8/2007, de 28 de maio, do solo.



38. A autoridade competente para a imposición dunha sanción leve por infracción urbanística leve será:

- a) O tenente alcalde.
- b) A comisión informativa.
- c) A alcalde.
- d) Ningún dos anteriores.

39. Segun o disposto no artigo 41.a) da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, requirirán licenza

- a) A apertura de establecementos abertos ao público con un aforo superior a 400 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
- b) A apertura de establecementos abertos ao público con un aforo superior a 250 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
- c) A apertura de establecementos abertos ao público con un aforo superior a 300 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
- d) A apertura de establecementos abertos ao público con un aforo superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.

40. A tenor do artigo 44 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a vixencia das licenzas dos establecementos abertos ao público

- a) Concédense por tempo indefinido, salvo que un regulamento ou as propias licenzas establezan expresamente o contrario.
- b) Concédense por 10 anos, salvo que un regulamento ou as propias licenzas establezan expresamente o contrario.
- c) Concédense por 5 anos, salvo que un regulamento ou as propias licenzas establezan expresamente o contrario.
- d) Concédense por 3 anos, salvo que un regulamento ou as propias licenzas establezan expresamente o contrario.

41. A Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia introduciu o seguinte título habilitante

- a) Comunicación Previa.
- b) Declaración Responsable.
- c) Autorización Autonómica.
- d) Ningún dos anteriores.



42. Segundo o artigo 29.2 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia requiren autorización comercial autonómica

- a) a instalación e traslado dos establecementos comerciais cuxa superficie útil de exposición e venda ao público sexa igual ou superior a 2.000 metros.
- b) a instalación e traslado dos establecementos comerciais cuxa superficie útil de exposición e venda ao público sexa igual ou superior a 5.000 metros.
- c) a instalación e traslado dos establecementos comerciais cuxa superficie útil de exposición e venda ao público sexa igual ou superior a 2.500 metros.
- d) a instalación e traslado dos establecementos comerciais cuxa superficie útil de exposición e venda ao público sexa igual ou superior a 3.000 metros.

43. De acordo co artigo 11.3 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, non será obrigatorio a achega de informe acústico cando as personas titulares das actividades fagan constar expresamente, no momento de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza de actividade, cando ésta sexa preceptiva, que ditas actividades producirán un nivel sonoro...

- a) igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, o a 70 dB en caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.
- b) igual ou inferior, en calquera horario, a 50 dB, o a 60 dB en caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.
- c) igual ou inferior, en calquera horario, a 45 dB, o a 50 dB en caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.
- d) igual ou inferior, en calquera horario, a 25 dB, o a 50 dB en caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.



44. O artigo 22.1 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia sinala que, as persoas que resulten responsables conforme ao artigo 21 ter procederán á execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa, incluída, no seu caso, a retirada de especies arbóreas

- a) antes de que remate o mes de setembro de cada ano.
- b) antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano.
- c) antes de que remate o mes de marzo de cada ano.
- d) antes de que remate o mes de maio de cada ano.

45. En virtude do artigo 8.1 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, no seu caso, no seu entorno de protección ou na súa zona de amortiguamento, terán que ser obxecto de qué actuación pola consejería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei

- a) Comunicación Previa.
- b) Autorización.
- c) Declaración Responsable.
- d) Ningunha das anteriores.

46. A tenor do artigo 4.1 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, o proxecto é

- a) o conxunto de documentos mediante os cales se definen e determinan as esixencias técnicas das obras contempladas no artigo 2.
- b) certos documentos mediante os cales se definen e determinan as esixencias técnicas de las obras contempladas no artigo 2.
- c) o conxunto de actuacións do expediente.
- d) a parte administrativa do expediente.

47. Segun o artigo 4.1 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, as estradas clasifícanse en atención as súas características técnicas en:

- a) camiños, autovías, e estradas convencionais.
- b) vías rápidas, vías para automóbiles e vía pecuarias.
- c) autopistas, autovías, vías para automóbiles e estradas convencionais.
- d) vías para automóbiles e vía pecuarias.



48. O Real Decreto Lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación recolle a figura da

- a) autorización ambiental integrada.
- b) licenza de obras.
- c) licenza de actividade.
- d) Ningunha das anteriores.

49. As competencias municipais en materia de costas, nos termos previstos pola lexislación que diten as Comunidades Autónomas, poderán abarcar os seguintes extremos:

- a) Establecer a línea de deslinde do dominio-público marítimo-terrestre nos solos que discurran por terreos do propio municipio.
- b) Resolver as solicitudes de reservas, adscripcións, autorizacións e concesións para a implantación de usos provisionais no dominio público marítimo terrestre.
- c) Instruir expedientes sancionadores por infraccións leves da lei de costas cometidas nesa zona de dominio público.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta,

50. Cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) As licenzas para a venda ambulante só poderán concederse a persoas físicas cando se outorguen para a venda de produtos de primeira necesidade.
- b) As licenzas para a venda ambulante só poderán concederse a persoas físicas cando se outorguen para a venda de produtos de primeira necesidade.
- c) As autorizacións otorgaranse por tempo determinado, sendo o seu prazo máximo de duración de cinco anos prorrogables de forma expresa por idénticos períodos.
- d) A transmisión dunha autorización afectará ao seu período de vixencia, comenzando a computarse o tempo de vixencia dende a data na que se transmita.



PREGUNTAS RESERVA DO CUESTIONARIO TIPO TEST

1R. Nos casos de responsabilidade patrimonial por leis serán indemnizables os danos producidos:

- a) Dentro dos cinco anos anteriores a data da publicación da sentenza que declare a inconstitucionalidade da norma con rango de lei.
- b) Dentro dos cinco anos anteriores a publicación da lei.
- c) Dentro dos cinco anos posteriores a produción do dano.
- d) Dentro dos cinco anos posteriores a entrada en vigor da lei.

2 R. A Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece que:

- a) En ningún caso poderá formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, persoal eventual, nin persoal funcionario interino.
- b) En ningún caso poderá formar parte das Mesas de contratación persoal funcionario interino pero se poderán emitir informes de valoración.
- c) Poderá formar parte da Mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados
- d) Non poderá formar parte da Mesa, nin o persoal laboral ao servizo da Corporación, nin membros electos da mesma

3 R. Segundo o art. 14 do do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

- a) A petición de acceso ás informacións que obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función, efectuada polos membros das Corporacións Locais, deberá realizarse a través do portavoz do grupo político municipal correspondente.
- b) A petición de acceso ás informacións que obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función, efectuada polos membros das Corporacións Locais, deberá ser denegada cando conteña datos persoais de terceiros interesados no procedemento administrativo correspondente.
- c) A petición de acceso ás informacións entenderase concedida por silencio administrativo no caso de que o Presidente ou a Comisión de Goberno non diten resolución ou acordo denegatorio no termo de cinco días, a contar desde a data de solicitude.
- d) En ningún caso cabe denegar a petición de acceso ás informacións que obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función, efectuada polos membros das Corporacións Locais.



4 R. Para os efectos da súa posible declaración de interese cultural ou catalogación presúmese o valor etnolóxico dos seguintes bens sempre que conserven de forma suficiente a súa integridade formal e construtiva e os aspectos característicos que determinan a súa autenticidade:

- a) As fontes e os lavadoiros comunais ou públicos de cachotería.
- b) As construcións tradicionais de cuberta vexetal como as pallozas e os chozos característicos das serras galegas.
- c) Os muíños de río ou de vento construídos con bloques de cachotería e os camiños veciñais de carácter comunal, sempre que conserven de forma suficiente a súa traza, aspecto, carácter, e pavimento.
- d) Todas as respostas son correctas.

5 R. De conformidade co disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, corresponde aos entes locais:

- a) O abastecemento domiciliario de auga potable pero non o seu control sanitario.
- b) A rede de sumidoiros dos núcleos rurais.
- c) O tratamento de augas residuais, respecto a as instalacións non comprendidas no ámbito urbano.
- d) O establecemento de exencións tributarias ao tratarse dun tributo propio do concello con natureza de imposto.



CUESTIONARIO DE PREGUNTAS ABERTAS

- 1.- A publicidade activa e pasiva e a protección de datos persoais.**
- 2. -A motivación do acto administrativo na Lei 39/2015.**
- 3.- Inscripción rexistral dos expedientes de protección de legalidade urbanística.**
- 4.- Diferenzas entre licenza de actividade e comunicación previa de inicio de actividade. Supostos de licenza de actividade.**
- 5.- As Ordenanzas municipais reguladoras da venda ambulante.**